

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21147**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo Tajés, sobre **“os datos referidos á derivación de persoas enfermas da provincia de Lugo a outros centros sanitarios para recibiren tratamento de radioterapia nos anos 2012 e 2013”**, (publicada no BOPG número 262, do 27 de marzo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os pacientes con cardiopatía isquémica con residencia en concellos da provincia de Lugo que foron trasladados a centros sanitarios doutras provincias foron os seguintes:

	TOTAL	FALECIMENTOS
2011	1.164	1
2012	1.159	3
2013	1.304	1

Os pacientes con residencia en concellos da provincia de Lugo que foron trasladados a centros sanitarios doutras provincias para a realización de radioterapia externa e braquiterapia no seu conxunto foron:


	TOTAL
2011	662
2012	715
2013	705

Máis do 90% destes pacientes son derivados ao Consorcio Centro Oncolóxico de A Coruña.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias.



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia